

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DELEGACIÓN TERRITORIAL DA ONCE EN GALICIA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG n.º 73, do 14 de abril de 2024) e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG n.º 101, do 27 de maio de 2024).

Don Manuel Martínez Pan, con  delegado da ONCE en Galicia, con NIF número  que actúa no seu nome e representación, en virtude das facultades concedidas na escritura pública outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Madrid, D. Enrique Javier de Bernardo Martínez-Piñeiro, o 31 de xaneiro de 2023, co número de protocolo 453.

EXPOÑEN

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, en cumprimento do establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, debe adoptar as medidas necesarias para promover unha acción social en favor do coñecemento da lingua galega, da súa revalorización e do seu uso en todos os ámbitos da sociedade. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias de



promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Que, para levar a cabo estas actuacións, é imprescindible implicar a todos os sectores sociais, asociacións, entidades e colectivos que constitúen o tecido cívico e cultural de Galicia, co fin de que promovan accións para fomentar o uso do galego a través de actividades de tipo lúdico, cultural, formativas e informativas, para que actúen como axentes de promoción da lingua. Neste sentido, a Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude precisa implicar os colectivos cívicos e culturais de Galicia para que utilicen o galego nas súas iniciativas.

Que dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización lingüística se enmarcan algunhas das actividades que promove a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE). Esta entidade é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, coa misión de mellorar a calidade de vida das persoas con cegueira e con discapacidade visual grave de toda España. Ordena a súa actuación á consecución da autonomía persoal e a plena inclusión das persoas con cegueira e deficientes visuais graves na sociedade, principalmente no ámbito educativo, laboral e cultural.

Que a ONCE, ademais de xerar empregos directos e indirectos, resolve de xeito autónomo a atención especializada que requiren as máis de 71.000 persoas con cegueira e con discapacidade visual grave españolas ás que agrupa. Esta entidade ten interese en cooperar na implantación da normalización lingüística dentro dela, para o que levará a cabo a transcripción, gravación e adaptación de libros editados en lingua galega solicitados polos centros escolares afiliados á ONCE, de acordo coas prioridades recollidas na súa normativa interna, coa finalidade de facilitar e fomentar entre os seus membros a lectura, o estudo e o traballo en galego, e co pleno respecto á normativa sobre propiedade intelectual.

Que ambas as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os



ámbitos da sociedade e tamén de favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, considera esencial apoiar iniciativas que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega, especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a ONCE. Trátase de levar a cabo unhas actuacións de interese xeral e cunhas características especiais e singulares que van ser realizadas por unha entidade que dispón de medios e infraestruturas adecuados para realízalas, que ademais é referente exclusivo no seu marco de actuación, sendo a única asociación en Galicia destas características, polo tanto, non resulta posible promover a concorrència pública, sendo elixida como entidade colaboradora en función os criterios sinalados nos artigos 4 e 7 do Plan estratéxico para convenios de colaboración para 2026.

Polo exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2026, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da lingua, e a ONCE para facilitarlles ás persoas con discapacidade visual a aprendizaxe do idioma galego e conseguir a plena inclusión destas persoas no ámbito educativo e cultural.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a implantar a normalización lingüística na ONCE, mediante a transcripción ao braille, gravación e adaptación de libros editados en lingua galega solicitados polos seus afiliados, coa finalidade de facilitar e fomentar entre os seus membros a lectura, o estudo e o traballo en galego.



Segunda. Obrigas da ONCE

Mediante este convenio de colaboración, a ONCE comprométese a levar a cabo a adaptación (transcrición ao braille e gravación) dos libros de texto e de lectura que sexan solicitados polos centros escolares dos estudantes afiliados a ONCE para súa normalización educativa, e de aqueles outros que por alto interese se determinen, sempre de acordo coas prioridades e criterios que sinala a nosa normativa interna, e con pleno respecto á normativa sobre propiedade intelectual. Así mesmo, comprometémonos a colaborar con accións de asesoramento para a accesibilidade dos contidos e espazos web da Secretaría Xeral da Lingua destinados á aprendizaxe do idioma galego. A ONCE fará constar a colaboración da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cando publique datos, resultados conseguidos ou calquera outro extremo relacionado coas actividades previstas no convenio, e usará para iso, cando proceda, os anagramas aprobados pola normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando



teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, comprométese a facilitarlle á ONCE, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio, e a facilitarlle á ONCE, en soporte informático, os textos dos libros que sexan publicados por ela, para a súa posible adaptación.

Quinta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **2.000,00 €**, con cargo á aplicación 13.02.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>). Código de procedemento PR004A.

Para percibir a contribución establecida na estipulación anterior, a ONCE presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2026, a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante



facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.

- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos, entregárase nesta secretaría xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

Para percibir a mencionada axuda, a ONCE queda exonerada de constituír unha garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2009).

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30 % da achega económica da Secretaría Xeral da lingua.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 9 de novembro de 2017).



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a ONCE presentará na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 9 de novembro de 2017), e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a ONCE presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. No caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de



que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, a ONCE deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007) .

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007) e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, a ONCE comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).

A ONCE utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A ONCE facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao amparo deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artículo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación será considerada causa específica de resolución deste convenio.



Oitava. Imposibilidade de promover a concorrência pública.

O Plan estratéxico de convenios de colaboración para subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán ou cidadá poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo pola ONCE no seu ámbito de actuación e non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.

Novena. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014), que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18



de novembro de 2003), modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE n.º 226, do 17 de setembro de 2014).

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003).

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG n.º 149, do 3 de agosto de 2006).

Coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen nel e mais o resto das especificacións que contén poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outórgase o consentimento para que se publiquen as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Décima. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.



Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décima primeira. Propiedade intelectual

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, cederalle á ONCE calquera dereito de propiedade intelectual que puidese corresponderlle en relación con este convenio.

Décimo segunda. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo de audiencia da outra parte e con polo menos un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Décimo terceira. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes da ONCE.

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo cuarta. Causas de resolución

Este convenio rescindirase:



- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De rescindir o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo quinta. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal forma que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha–nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo sexta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades previstas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo sétima. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais, e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo novena. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG num. 229, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e



tamén lle será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei).

Vixésima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da devandita lei (BOE núm. 176, do 25 de xullo de 2006).

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase mediante diálogo directo entre as partes ou farao a comisión de seguimento prevista na estipulación décimo segunda.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estar as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio en galego e en castelán.



O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O delegado da ONCE en Galicia

José Carlos López Campos

Manuel Martínez Pan

